

2ª PARTE DA TAREFA SOBRE A LECTURA DE *INSTRUCCIÓN PARA TOMAR CAFÉ* DE MANUEL NÚÑEZ SINGALA

Así somos os galegos → Como queremos ser os galegos?

Ao fío da lectura da obra e do tema que vos pedía desenvolver no segundo exercicio da 1ª parte do traballo, imos dar un paso adiante. Poñemos un pé na análise sociolingüística e outro no contexto histórico e social que nos levará aos primeiros temas de literatura do currículo.



Da afirmación “Así somos os galegos”, pasamos á reflexión e análise da realidade galega e do que queremos ser como sociedade. Quen mellor ca vós para crear novos vieiros!

É bo mirar atrás e pensar o presente para construír o futuro. Esta segunda tarefa divídese en dúas partes: “Mirando atrás” e “Pensando o presente para construír o futuro”.

Mirando atrás

O 22 de agosto de 2020 cumpríronse 100 anos do nacemento dun dos intelectuais e empresarios máis relevantes da nosa historia: Isaac Díaz Pardo. Este crea en 1963, xunto con Luís Seoane, o Laboratorio de Formas. Coñecédelo principalmente pola “cerámica de Sargadelos”, pero é moito máis.

Tarefa 1. Mira con atención o documental *Las luces de Sargadelos*, le os artigos “O programa tipográfico do Laboratorio de Formas de Galicia” e “Unha ducia de recunchos no museo e na fábrica de Sargadelos”. A continuación, redacta ti un artigo sobre a importancia que tivo e ten o Laboratorio de Formas en Galicia.

Adxúntovolos no Classroom coa tarefa. Extensión aproximada, unha cariña. Debedes poñerlle un título e engadir unha imaxe cun pé de foto (tamaño 7, centrado debaixo da imaxe) no que vinculedes o enlace de onde a tomades. Nas pautas de formato douvos as condicións que debe ter a imaxe. (0,5 puntos)

Pensando o presente para construír o futuro

Tarefa 2.

- No 2007 o Observatorio da Lingua Galega publicou a análise da situación do galego no ámbito empresarial. Tras lelo (as dúas primeiras páxinas do pdf), sintetiza, nun texto expositivo, as principais conclusións da información dada. Extensión aproximada, 150-200 palabras. (0,5 puntos)

https://www.observatoriodalingua.gal/sites/w_obsclin/files/documentos/OLG_tripecticos_eco_nomiaempresa.pdf

<https://www.observatoriodalingua.gal/gl/informacion/documentos-do-observatorio>

- Entra nas páxinas destas catro empresas galegas: Inditex e Inasus (punteiras no mercado nacional e internacional), Xiro e Eferro (empregas de “nova” creación).

Entra nas súas páxinas e le a información que aportan. Nun texto expositivo, explica brevemente a que se adican, cal é o espírito de empresa de cada unha delas e o uso que fan da lingua galega. Extensión aproximada, 150-200 palabras. (0,5 puntos)

Formato

Tipo de presentación: **documento de texto**, entregado impreso en man se a situación o permite ou a través do Classroom se non fose así.

Portada: sinxela, co voso nome e apelidos.

índice

Letra: Calibri / Times New Roman /Arial, 12 en negriña as cuestións e 11 no corpo.

Interliñado 1,15.


Títulos de obras, blogs ou páxinas web: en cursiva.

Títulos de artigos: entre comiñas.

Numeración inferior dereita tamaño 11.

As citas, notas a pé de páxina e bibliografía, de ser precisas, axustaranse as normas APA (déusevos un pdf guía coa primeira tarefa). Debedes citar os enlaces consultados.

Imaxe cun tamaño aproximado de 3,5x4 (dependendo do formato da foto). Premede nela, botón dereito, opcións de imaxe. Ábrese a información da imaxe e podedes modificala sen cambiar as proporcións. Fixádevos no exemplo:



Cualificación

Esta segunda tarefa valórase en **1 punto** sobre a nota de avaliación.

A copia total ou parcial dunha pregunta suporá a anulación da puntuación da mesma.

Entregarei rúbrica conxunta para as dúas partes ao longo desta semana.

Data de entrega

Data límite mércores 18 de novembro ás 20:00